



ASUNTO: Proceso de selección para a creación dunha bolsa de emprego destinada a cubrir necesidades de persoal docente na Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo para a execución de proxectos e programas de emprego e formación (Obradoiros de emprego e Programas de emprego para persoas mozas). Aprobación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas

(EXPEDIENTE ELECTRÓNICO 630/14)

INFORME PROPOSTA

En data 08/05/2026 incoouse expediente para a aprobación das bases reguladoras e convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego destinada á cobertura temporal de postos de persoal docente da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo para a execución de programas de emprego e formación (obradoiros duais de emprego e programas de emprego para persoas mozas), mediante o sistema de concurso.

Por Resolución da Concelleira Delegada da Mancomunidad de Vigo de 14/06/2026, aprobáronse as bases reguladoras para a creación dunha bolsa de emprego destinada a cubrir necesidades de persoal docente na Mancomunidad da área Intermunicipal de Vigo nas categorías/prazas de experto /a docente en deseño gráfico e experto/a docente en desenvolvemento local.

Tal como se establecía nas propias bases, o 19 de maio publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) o correspondente anuncio de convocatoria que abre o prazo de presentación de solicitudes, que literalmente recolle o seguinte parágrafo: "*O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. As bases publicaranse íntegras na páxina web da Mancomunidad (www.maiv.org) e no taboleiro de anuncios desta entidade*". Ademais da publicación do anuncio no BOPPO, déuselle difusión a esta convocatoria a través das RRSS da entidade (LinkedIn).

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para a participación no proceso selectivo, mediante Resolución da Concelleira delegada da Mancomunidad de Vigo, de data 29 de maio de 2026 (e resolución rectificativa da mesma data, que corrixe un erro material), resolveuse aprobar e publicar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso. A resolución provisional foi publicada na páxina web da Mancomunidad de Vigo (www.maiv.org), tal como establecían as bases reguladoras e, a maiores, foron avisadas todas as persoas candidatas a través dun correo electrónico da publicación da dita resolución provisional e do prazo para presentar reclamacións ou emendas.

Concluído o prazo establecido de 3 días naturais para formular reclamacións ou emendar os defectos presentáronse tres (4) alegacións por parte das seguintes persoas aspirantes excluídas:

- Antía Muíños Martínez: presenta escrito de alegacións en prazo, con data 01/06/2026, presentando documentación complementaria adicional para a praza/categoría de "Docente de deseño gráfico".
- Antía Muíños Martínez: presenta escrito de reclamación en prazo, con data 01/06/2026. Reclama ter presentado a instancia dentro do prazo establecido para a praza/posto de "Docente en desenvolvemento Local".
- Daniel Crespo Puga: presenta escrito de alegacións en prazo, con data 01/06/2026, presentando documentación complementaria adicional para a praza/categoría de "Docente de deseño gráfico".
- Natalia Umpiérrez Fernández: presenta escrito de alegacións en prazo, con data 01/06/2026, presentando documentación complementaria adicional para a praza/categoría de "Docente de deseño gráfico".

Á vista de todo o anterior, e tendo en conta a documentación presentada no prazo de reclamacións, elévase á Presidencia (competencias delegadas na concelleira membro da Mancomunidad, D^a Patricia Rodríguez Calviño por Resolución da Presidencia de data 21 de Xullo de 2023 de delegación de competencias) a seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/06/2026 08:44	Páxina 1 de 5
630-14	CSV: ACB8B5-2A27B1-32E1AA-D5UASH-JKFBUI-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Estimar as alegacións e emendas presentadas dentro do prazo conferido por:

- Antía Muíños Martínez: considérase a documentación aclaratoria presentada para a praza/categoría de “Docente de deseño gráfico”.
- Antía Muíños Martínez: corríxese o erro material advertido na Resolución da concelleira delegada da Mancomunidad de Vigo de data 29.05.2026 pola que se aprobaba provisionalmente a listaxe de persoas admitidas e excluídas, xa que, efectivamente, constatamos que presentou solicitude de participación para o posto/praza Experto/a Docente en Desenvolvemento local en data 20 de maio de 2026, dentro do prazo establecido na convocatoria. Non obstante, esta rectificación non afecta á continuación do procedemento, xa que a titulación que presenta coa solicitude non está incluída nas titulacións requiridas para o posto/praza de “Docente de desenvolvemento local”, e, polo tanto, a súa exclusión para a dita praza non é subsanable.
- Daniel Crespo Puga: considérase a documentación aclaratoria presentada para a praza/categoría de “Docente de deseño gráfico”.
- Natalia Umpiérrez Fernández: considérase a documentación aclaratoria presentada para a praza/categoría de “Docente de deseño gráfico”.

SEGUNDO.- En consecuencia, aprobar a seguinte **relación definitiva** de persoas aspirantes admitidas e excluídas na Bolsa de Emprego destinada a cubrir necesidades de persoal docente na Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo para a execución de proxectos e programas de emprego e formación (Obradoiros de emprego e Programas de emprego para persoas mozas):

Para o posto/praza de EXPERTO/A DOCENTE EN DESENVOLVEMENTO LOCAL:

APELIDOS	NOME	DNI	ADMISIÓN/EXCLUSIÓN	MOTIVO EXCLUSIÓN (*)
BARREIRO OTERO	MARIA TERESA	**9967**N	ADMITIDO/A	
CHAMORRO MISA	REGINA	**6080**R	EXCLUÍDO/A	(6) (7)
DAVIÑA ROMERO	MARÍA DOLORES	**2580**K	ADMITIDO/A	
LÓPEZ CUIÑAS	JOAQUIN EGIDIO	**4564**G	ADMITIDO/A	
MUIÑOS MARTINEZ	ANTÍA	**5817**X	EXCLUÍDO/A (**)	(6)

(*) MOTIVOS DE EXCLUSIÓN

- (1) Presentación fora de prazo
- (2) Non achegar solicitude no modelo oficial que figura nas bases (base 7ª)
- (3) Non achegar copia do DNI. (base 7ª)
- (4) Non ter nacionalidade española e/ou non cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do TRLEBEP no caso de aspirante nacionais doutros estados (base 6ª)
- (5) Non ter cumpridos 16 anos ou exceder da idade máxima de xubilación forzosa (base 6ª)
- (6) Non achegar documentación acreditativa da titulación universitaria requirida (anexo I, bases específicas)
- (7) Non achegar documentación acreditativa suficiente da experiencia profesional mínima requirida (anexo I, bases específicas)
- (8) Non achegar documentación acreditativa da competencia docente (anexo I, bases específicas).

(**) Non posúe titulación requirida nas bases específicas reguladoras do proceso (e imprescindibles para a docencia do certificado de profesionalidade de “Creación e Xestión de microempresas”, tal como establece o artigo 168 do RD 659/2023, do 18 de xullo e as súas modificacións posteriores introducidas polo Real Decreto 658/2024 do 9 de xullo de 2024), o que resulta insubsanable.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/06/2026 08:44	Páxina 2 de 5
630-14	CSV: ACB8B5-2A27B1-32E1AA-D5UASH-JKFBUI-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Para o posto/praza de EXPERTO/A DOCENTE EN DESEÑO GRÁFICO:

APELIDOS	NOME	DNI	ADMISIÓN/EXCLUSIÓN	MOTIVO EXCLUSIÓN (*)
ALVAREZ PEREIRA	ROCIO	**0035**T	ADMITIDO/A	
ANIDO PÉREZ	BEATRIZ	**7360**A	EXCLUÍDO/A	(7)
CHAMORRO MISA	REGINA	**6080**R	ADMITIDO/A	
CORDERO NOVOA	SANDRA	**4592**W	EXCLUÍDO/A	(2) (7)
CRESPO PUGA	DANIEL	**1749**G	ADMITIDO/A	
FERNANDEZ UMPIÉREZ	NATALIA	**4074**S	ADMITIDA/A	
JAVUREK DA SILVA	CRISTINA GABRIELA	**1947**Z	ADMITIDO/A CONDICIONADA (**)	
MARTINEZ IGLESIAS	SANDRA	**1953**T	ADMITIDO/A	
MUÍÑOS MARTÍNEZ	ANTÍA	**5817**X	ADMITIDA/A	
OTERO GARRIDO	BERTA	**4075**M	EXCLUÍDO/A	(6) (7)
RIVEIRO PREGO	ANTONIO	**0852**E	ADMITIDO/A	

(*) MOTIVOS DE EXCLUSIÓN

- (1) Presentación fora de prazo
- (2) Non achegar solicitude no modelo oficial que figura nas bases (base 7ª)
- (3) Non achegar copia do DNI (base 7ª)
- (4) Non ter nacionalidade española e/ou non cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do TRLEBEP no caso de aspirante nacional doutros estados (base 6ª)
- (5) Non ter cumpridos 16 anos ou exceder da idade máxima de xubilación forzosa (base 6ª)
- (6) Non achegar documentación acreditativa da titulación universitaria requirida (anexo I, bases específicas)
- (7) Non achegar documentación acreditativa suficiente da experiencia profesional mínima requirida (anexo I, bases específicas)
- (8) Non achegar documentación acreditativa da competencia docente (anexo I, bases específicas).

(**) Admitida condicionada á realización/superación da proba de lingua galega. Deberá realizar a proba de coñecemento da lingua galega prevista na base 11ª da convocatoria ao non acreditar documentalmente estar en posesión do título de CELGA IV ou equivalente (base 6ª f).

TERCEIRO.- Publicar a RELACIÓN DEFINITIVA de persoas admitidas e excluídas no taboleiro de anuncios da entidade e na páxina web da Mancomunidad (www.maiv.org), na páxina de inicio no apartado de “novas” así como na sección de ofertas de emprego (<https://www.maiv.org/?sec=19>).

Non obstante, aos efectos de asegurar a publicidade adecuada e unha maior transparencia, establécese a posibilidade de que os servizos administrativos da MAIV contacten telefonicamente ou por correo electrónico coas persoas candidatas para informarles da publicación.

CUARTO.- Convocar ás persoas aspirantes que non puideron acreditar documentalmente o coñecemento da lingua galega nivel CELGA 4 ou equivalente á realización da proba de galego prevista na base 6ªf).

Fíxase a seguinte data para a PROBA DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA (que deberá ser ratificada polo Tribunal Cualificador):

Venres, 5 de xuño de 2026

Hora: 10:30 h.

Lugar: Oficinas da Mancomunidad de Vigo. Avda. Hispanidade, nº 17 – Vigo

QUINTO.- Nomear, de acordo co disposto na base CUARTA (Bases específicas da convocatoria) o Tribunal Cualificador do proceso, que estará formado polas seguintes persoas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/06/2026 08:44	Páxina 3 de 5
630-14	CSV: ACB8B5-2A27B1-32E1AA-D5UASH-JKFBUI-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

Presidente/a:

Titular: Lourdes González Salceda, Responsable do Servizo de Promoción Económica da Mancomunidade de Vigo
Suplente: Catalina Alfayate, Xefa de Negociado e Réxime Interior de Persoal e Seguridade Social do Concello de Vigo.

Secretario/a:

Titular: Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno local do Concello de Vigo e Secretaria da Mancomunidade de Vigo.
Suplente: Alberto Escariz Couso, Interventor da Mancomunidade de Vigo e do Concello de Vigo.

Vogal 1:

Titular: Pedro Fírvida Diz, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local da Mancomunidade de Vigo.
Suplente: Maria del Carmen López Duarte, AEDL do Concello de Redondela.

Vogal 2:

Titular: Maria Rosa Otero Malvárez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo
Suplente: Isabel Fragueiro Piñeiro, AEDL do Concello de Pazos de Borbén

Vogal 3:

Titular: Yolanda Gómez Soto, AEDL do Concello de Gondomar
Suplente: Ana Isabel Vázquez Gil, AEDL do Concello de Mos

SEXTO.- Determinar o lugar, data e hora no que se constituirá o Tribunal Cualificador para a valoración de méritos, tal como establecen as bases específicas que regulan o procedemento, do seguinte xeito:

Lugar: Dependencias de Secretaría do Concello de Vigo. 1º Planta. Praza do Rei, s/n. Vigo (*)

Data: 03/06/2026

Hora: 9.00 h.

(*) O Tribunal poderá decidir que, no caso dos vogais que pertencen a outros concellos distintos a Vigo, a asistencia á reunión se poida facer de xeito telemático (reunión virtual por medios electrónicos).

SÉTIMO.- Nomear, de conformidade co disposto na base décima da convocatoria, a D. Xurxo Martínez González, co cargo de Técnico de normalización lingüística do Concello de Redondela, como asesor/a especialista do Tribunal cualificador para a proba de lingua galega.

O/a asesor/a especialista incorporarase aos traballos do Tribunal con voz e sen voto, limitando a súa intervención á colaboración e ao asesoramento técnico que lle sexa solicitado polo Tribunal no ámbito da súa especialidade, de acordo co previsto nas bases da convocatoria. En particular, prestará asistencia técnica ao Tribunal na preparación, desenvolvemento, corrección e valoración da proba de coñecemento da lingua galega.

Contra esta Resolución poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Mancomunidade de Vigo, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a partir do día seguinte á publicación.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Técnica da MAIV

Lourdes González Salceda (Responsable do Servizo de Promoción Económica)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/06/2026 08:44	Páxina 4 de 5
630-14	CSV: ACB8B5-2A27B1-32E1AA-D5UASH-JKFBUI-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

DECRETO

Vista a proposta precedente, no uso das atribucións que me confire o acordo de delegación de competencias do Presidente da MAIV de data 21 de xullo de 2023, e de conformidade coas facultades que confire a lexislación vixente, en especial o artigo 186 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVO

prestar a miña conformidade coa devandita proposta.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A CONCELLEIRA DELEGADA DA MAIV (P.D. 21/07/2023)

Patricia Rodriguez Calviño

Dou fé,

A SECRETARIA DA MAIV

Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/06/2026 08:44

Páxina 5 de 5

630-14

CSV: ACB8B5-2A27B1-32E1AA-D5UASH-JKFBUI1-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>